

## CONCURSO DE IDEAS

### “IMAXINA CONTRA A CRISE”

#### Obxecto do Concurso

A iniciativa ten como obxectivo recoller as ideas da sociedade galega, especialmente a mocidade, para poñer remedio, a nivel local, á situación de crise económica actual. Búscanse propostas orixinais e realizables no entorno máis próximo á xuventude: non se trata de aportar solucións a nivel global e económico, senón facéndose valer da imaxinación elaborar propostas que aporten un grao de area a axudar á sociedade galega neste difícil contexto.

ASDE – Scouts de Galicia, federación que desenvolve o escultismo plural en Galicia, convoca o concurso co obxecto de promover a creatividade e a participación da mocidade galega na sociedade. O Concurso está financiado pola Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, a través do programa Iniciativa Xove.

#### A quen vai dirixido

O Concurso de Ideas “Imaxina contra a crise” ten como destinatarios os nenos e mozos galegos.

No caso dos menores de idade, será necesario entregar a autorización paterna ou dos titores legais de participación no Concurso, segundo o modelo que se aporta.

#### Como participar

Establécense tres categorías:

- Categoría Infantil e Xuvenil: nenos e mozos ata os 17 anos de idade (cumpridos en 2013)
- Categoría Adulta: de 18 anos (ou que os cumpran en 2013) en adiante

Para participar débese cumprimentar o modelo aportado e remitilo por correo electrónico a [concursodeideas@scoutsdeg Galicia.org](mailto:concursodeideas@scoutsdeg Galicia.org)

O modelo xa dispón dos campos a cumprimentar por cada participante. No caso dos menores de idade cómpre remitir escaneada a mencionada autorización como condición necesaria para admitir a participación.

ASDE – Scouts de Galicia convoca o Concurso tanto para os seus socios como para nenos, mozos e adultos que non forman parte da federación.

## **Prazo**

A participación no concurso estará aberta desde o 2 de setembro ata o 25 de outubro de 2013

## **Xurado e avaliación**

O xurado do concurso estará conformado por persoeiros de recoñecido prestixio no ámbito da sociedade galega e no ámbito da xuventude, así como por representantes de ASDE – Scouts de Galicia designados pola xunta directiva (Equipo Scout Xeral).

O fallo darase a coñecer antes do 31 de decembro de 2013. Notificarase por correo electrónico ou teléfono aos gañadores, ademais de publicar os resultados na páxina web da federación ([www.scoutsdegalicia.org](http://www.scoutsdegalicia.org)).

Na avaliación das propostas, o xurado terá especialmente en conta a orixinalidade e viabilidade das ideas.

## **Premios**

Por cada unha das dúas categorías establécense un primeiro, segundo e terceiro premio. Calquera deles poderá quedar deserto se así o considera o xurado.

Os primeiros premios estarán dotados cada un cunha Tablet (tecnoloxía Android). Os segundos e terceiros premios constarán dun conxunto de xogos de mesa e libros.

## **Aceptación das bases**

A participación neste Concurso de Ideas supón a aceptación das presentes bases. A súa interpretación dependerá en todo caso do xurado.

## **Protección de datos**

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais incluídos nos Anexos pasarán a formar parte dos ficheiros titularidade de ASDE – Scouts de Galicia a fin de xestionar a participación no Concurso de Ideas e cumprir as presentes bases.

ASDE – Scouts de Galicia resérvase a posibilidade de comunicar os datos básicos dos gañadores (nome, apelidos, idade, localidade de residencia) a medios de comunicación e ser publicados na súa páxina web.